

# ACTA

Nº 46 Ano 2015.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros na sala de xuntas E, no Edificio Administrativo de San Caetano, sendo as 11,10 horas do día 29 de setembro de 2015, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

## ASISTENTES:

### **REPRESENTANTES DA EMPRESA:**

<u>Nome</u>	<u>Posto</u>	<u>Teléfono</u>
Emilio J. de la Iglesia Lema	S.X. Presidencia	4.42.03
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67
Victor Gallego Vincent	D.X. Función Pública	4.52.35
Teresa Lorenzo Fernandez	D.X. Traballo e Econ. Soc.	4.47.71

### **REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES**

<u>Nome</u>	<u>Organización Sindical</u>	<u>Teléfono</u>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Jose Carlos Rocha Arrue	UGT	650.133.041
Pablo Rama Remuiñán	CSI-F	881-542-850
Mª Jose Crespo Hermida	CIG	607-995-385

Asisten asimismo Pablo Diaz Vazquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, e Jose Acuña Vilas, por Mugatra.

---

O Presidente da a benvida as dúas representantes de Mútua Gallega, invitadas para intervir no segundo punto da orde do día, que pásase a debatir.

### **2.- A posibilidade de facer realidade a segunda opinión médica na Mútua Gallega, no tratamento das continxencias profesionais graves.**

Dáselles a palabra a ditas representantes que nes expoñen que desde hai tempo, xa existe dita posibilidade. Evidentemente prestada cos recursos médicos propios da Mútua. Informan de que hai traballadores e traballadoras que solicitan que a Mútua pague a un médico privado, esa segunda opinión, algo que non se pode facer. O Presidente expón que dada que esta posibilidade da segunda opinión médica, non é moi coñecida entre o persoal, publicitarase a través da web do Servizo de Prevención.

### **1- Lectura e aprobación da última acta:**

Acórdase por unanimidade aprobar a acta da anterior xuntanza.

### **3.- Informe e posterior debate, sobre os datos de sinistralidade laboral, relativos o primeiro semestre deste ano.**

O Servizo de Prevención fai una presentación deste breve informe, da metade do ano natural, e seguidamente pasase a debate. UGT solicita se pode facilitarse mais información sobre os accidentes laborais sen baixa. A Administración resposta que teñen moi pouca información sobre eles, e que na memoria anual intentará achegar datos, polo menos un desglose por consellerías. CSIF incide nas dúas conselleiras con mais sinistralidade, solicitando para a de Benestar mais formación e mellor organización e para a de Medio Rural, mellor dotación de EPIS e mais participación. CIG apunta que poderíase invitar a representantes destas dúas consellerías para que expuxesen as razóns da sinistralidade que teñen. CCOO fai constar que os datos deste primeiro semestre, son positivos xa que constantan unha diminución da sinistralidade laboral, algo que desde hai tres anos non ocorre. Haberá que agardar o remate de ano para ver si confirmase esta boa tendencia. As dúas consellerías xa devanditas, manteñen os seus datos de sinistralidade, mentres que hai outras consellerías de menor entidade que teñen resultados positivos, coma Mati e Sanidade. En canto o xeito do accidente, baixan os motivados por sobreesforzos, os de accidente de tráfico e os golpes, subindo os motivados por caídas e agresións. Dándose unha diminución dos accidentes no centro de traballo, e un incremento cando os traballos son no exterior.

### **5.- Rogos e preguntas.**

UGT pregunta polo protocolo sobre os traballos no interior, ante condicións climatolóxicas desfavorables. O Presidente manifesta que vaise reiterar os escritos remitidas a cada consellería sobre esta cuestión, e que de non recibir resposta, trasladarase os Comités de Seguridade destes ámbitos, a solicitude para a sua elaboración, conforme solicita dito sindicato.


CIG solicita que se mellore o acceso a web de Mugatra, que as veces non funciona ben. O representante desta entidade manifesta que houbo algúns días con problemas de acceso, pero que hai tempo que xa está amañado.


CCOO ante os pobres datos das reunións habidas nos diferentes Comités de Seguridade e Saúde deste ámbito, no que vai de ano, solicita que se invite paulatinamente os responsables dos mesmos, para falar dos atrancos que teñen a hora de poñelos a funcionar. O Presidente manifesta que mellor agardar a nova designación de integrantes destes Comités, tanto da Administración coma da parte sindical, para seguidamente tomar decisións.

Levántase a sesión sendo as 12,15 h.

Vº Bº O PRESIDENTE

Vº Bº O SECRETARIO

  
EMILIO DE LA IGLESIA LEMA

  
EDUARDO FREIRE POUSA